



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0020	Primeiros auxilios	2024/2025	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RUT BAÑOS LOJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a función dentro do equipo de saúde bucodental.

A definición desta función abrangue aspectos como:

Formalización da documentación clínica da persoa usuaria.

Selección e preparación de materiais e equipamentos en función da intervención.

Realización de técnicas de axuda odontolóxica na obtención de próteses fixas e removibles.

Participación dentro do equipo de saúde bucodental na realización de técnicas de ortodoncia fixa e removible.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

Unidades de hixiene bucodental de atención especializada.

Gabinetes de hixiene bucodental.

Clínicas dentais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais j), k), m), n), o), p), q), r), s), t) e u)

j) Identificar as características do/da paciente e aplicar técnicas de apoio aos tratamentos bucodentais, para realizar apoio psicolóxico á persoa usuaria.

k) Prever actuacións e seleccionar procedementos alternativos ao desenvolvemento dunha actividade profesional, para resolver imprevistos

m) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe que se relacionan coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.

n) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación

o) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.

p) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.

q) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e propor e aplicar medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos de traballo, para garantir ámbitos seguros.

r) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais

s) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da



avaliación e da calidade, e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

t) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

u) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

do ciclo formativo e as competencias f), k), j), l), m), n), o), p), q), r) e t).

j) Apoiar psicoloxicamente pacientes e persoas usuarias, para facilitar a realización dos tratamentos bucodentais.

k) Aplicar técnicas de apoio ou soporte en tratamentos odontolóxicos dentro do equipo de saúde bucodental, para facilitar a prestación de servizos.

l) Prestar soporte vital básico en situacións de emerxencias, segundo o protocolo establecido.

m) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

n) Organizar e coordinar equipos de traballo no ámbito das súas competencias, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas e asumindo o seu liderado.

o) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo, e comunicar esas incidencias, cando cumpra, ao/á odontólogo/a e aos demais membros do equipo.

p) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

q) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, consonte o establecido pola normativa e polos obxectivos da empresa.

r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.

t) Comprender e incorporar á súa actividade profesional os principios éticos e legais aplicables á atención á saúde e ao uso eficiente dos recursos dispoñibles.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O sistema sanitario e os primeiros auxilios	¿ Sistemas de emerxencias. ¿ Obxectivos e límites dos primeiros auxilios. ¿ Marco legal, responsabilidade e ética profesional. ¿ Tipos de accidentes e as súas consecuencias. ¿ Signos de compromiso vital en persoas adultas, en nenos e nenas e en lactantes. ¿ Métodos e materiais de protección da zona. ¿ Medidas de autoprotección. ¿ Caixa de primeiros auxilios ¿ Prioridades de actuación en múltiples vítimas. Métodos de triaxe simple. ¿ Signos e síntomas de urxencia. ¿ Valoración do nivel de consciencia. ¿ Toma de constantes vitais. ¿ Protocolos de exploración. ¿ Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios. ¿ Protocolo de transmisión da información	9	20
2	Aplicación de técnicas de soporte vital. RCP adulto e neno. OVACE adulto e neno.	¿ Control da permeabilidade das vías aéreas. ¿ Reanimación cardiopulmonar básica. ¿ Desfibrilación externa semiautomática (DEA). OVACE adultos e niños	20	30
3	Primeros auxilios en traumatismos físicos/químicos/biolóxicos e nas patoloxías orgánicas de urxencia	¿ Valoración da persoa accidentada. ¿ Atención inicial en lesión por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións). ¿ Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos. ¿ Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia. ¿ Actuación limitada ao marco das súas competencias	9	20
4	Procedimentos de inmovilización y movilización	¿ Avaliación da necesidade de traslado. ¿ Posicións de seguridade e espera. ¿ Técnicas de inmovilización. ¿ Técnicas de mobilización. ¿ Confección de padiolas e materiais de inmovilización	9	20
5	Aplicación de técnicas de apoio psicolóxico e autocontrol	¿ Estratexias básicas de comunicación. ¿ Valoración do papel do/da primeiro/a interviniente. ¿ Técnicas facilitadoras da comunicación interpersoal. ¿ Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia	6	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O sistema sanitario e os primeiros auxilios	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Asegurose a zona segundo o procedemento oportuno.



Criterios de avaliación
CA1.2 Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
CA1.3 Describiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
CA1.3.1 Describiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
CA1.3.2 Identificouse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
CA1.4 Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
CA1.10 Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
0 CA1.10.1 Describiuse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
0 CA1.10.2 Aplicouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas de emerxencias. 0 Signos e síntomas de urxencia. Protocolo de transmisión da información. Obxectivos e límites dos primeiros auxilios. Marco legal, responsabilidade e ética profesional. Tipos de accidentes e as súas consecuencias. Signos de compromiso vital en persoas adultas, en nenos e nenas, e en lactantes. Métodos e materiais de protección da zona. Medidas de autoprotección. Caixa de primeiros auxilios.



Contidos
Prioridades de actuación en múltiples víctimas. Métodos de triaxe simple.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Aplicación de técnicas de soporte vital. RCP adulto e neno. OVACE adulto e neno,	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.	NO
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Descríbense os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
CA1.6 Identifícanse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da oxixenación.
CA1.7 Descríbense e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA1.8 Descríbense procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
CA1.9 Tomáronse as constantes vitais.
CA2.1 Descríbense os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.
CA2.2 Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.



Criterios de avaliación
CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.
CA2.4 Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DEA).
CA2.5 Aplicáronse medidas posreanimación.
CA2.7 Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.
CA2.10 Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.

4.2.e) Contidos

Contidos
Valoración do nivel de consciencia. Toma de constantes vitais. Protocolos de exploración. Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios. Control da permeabilidade das vías aéreas. Reanimación cardiopulmonar básica. Desfibrilación externa semiautomática (DEA). Valoración da persoa accidentada. Actuación limitada ao marco das súas competencias.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Primeros auxilios en traumatismos físicos/químicos/biolóxicos e nas patoloxías orgánicas de urxencia	9



4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
CA2.8.1 Identifícanse as lesións máis frecuentes por axentes físicos, químicos e biolóxicos e os primeiros auxilios a aplicar
CA2.8.2 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.
CA2.9.1 Identifícanse as patoloxías orgánicas que levan a situacións urxentes e os primeiros auxilios a aplicar
CA2.9.2 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.

4.3.e) Contidos

Contidos
Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Procedimentos de inmovilización y movilización	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.
CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.
CA3.3 Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.
CA3.4 Describíronse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.
CA3.5 Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna.
CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.

4.4.e) Contidos

Contidos
Avaliación da necesidade de traslado.
Posicións de seguridade e espera.
Técnicas de inmovilización.
Técnicas de mobilización.



Contidos
Confección de padiolas e materiais de inmovilización.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Aplicación de técnicas de apoio psicológico e autocontrol	6

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de apoio psicológico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.
CA4.2 Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicológico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
CA4.4 Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
CA4.5 Identifícaronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.
CA4.6 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.
CA4.7 Especificáronse as técnicas para superar psicolóxicamente o fracaso na prestación do auxilio.
CA4.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.



4.5.e) Contidos

Contidos
Estratexias básicas de comunicación.
Valoración do papel do primeiro interviniente.
Técnicas facilitadoras da comunicación interpersonal.
Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios de avaliación son indicados como mínimos exixibles para cada UD.

Os criterios de avaliación para todas as avaliacións son de:

PARTE TEÓRIA, representando o 50% da nota que consistirá nunha proba ao final da avaliación. Cada proba escrita poderá constar de:

- Preguntas tipo test con catro respostas posibles e unha única resposta correcta.
- Preguntas curtas e resolución de casos.
- Preguntas de verdadeiro ou falso.
- Identificación de imaxes.

PARTE PRÁCTICA: Evaluada cun 50% da nota que consistirá na realización de:

- Exame práctico do 40% do valor da parte práctica. Dito exame consistirá na realización das prácticas correspondentes ás unidades impartidas na avaliación e/ou na resolución de supostos prácticos relacionados cos contados impartidos.
- Valoración das prácticas e actividades de aula cun valor do 10% da nota. De non existir tarefas de aula, aplicaranse as listas de cotexo ou rúbricas para a nota práctica.

NOTA FINAL DO MÓDULO



A nota media obtida en cada avaliación a partir do cálculo de todas as probas feitas polo alumnado será representada no acta co número enteiro desa nota media, sen decimais.

A nota final de curso será a resultante da media ponderada obtida en cada unha das UD's sempre e cando estean aprobadas cun mínimo de 5 cada unha das probas. A nota final exprésase sen decimais. NON se realizarán exames para subir nota. Deberanse entregar todos os traballos en tempo e forma para poder ser avaliados.

A puntuación mínima para superar a materia do módulo será de 5.

Non se aplicará ningún tipo de redondeo nas notas tanto parciais como finais. A nota reflexada será a do número enteiro.

RECUPERACIÓN

A recuperación da parte ou partes non superadas serán sempre despois da entrega de notas da segunda avaliación. A ausencia non xustificada a un exame, xa sexa parcial ou final, suporá realizar directamente a recuperación correspondente.

Se durante o desenvolvemento das probas os alumnos incorren no uso de medios dixitais non autorizado previamente pola profesora, de dispositivos dixitais (teléfono, auriculares, etc.) ou en calquera outra circunstancia que altere o normal desenvolvemento da proba ou actividade, e que comprometa a seguridade do grupo (particularmente no caso das probas procedimentais) serán expulsados da aula e a proba será calificada como non superada (suspensa).

A detección de fraude na realización de calquer instrumento de avaliación por parte do alumno dará lugar a unha cualificación de 0 puntos en dito instrumento.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de ter unha avaliación ou algún parcial suspenso, haberá a posibilidade de asistir a unha recuperación alomenos a final da 2ª avaliación consistente nunha proba escrita e noutra proba práctica. A nota final calcularase tendo en conta todas notas do curso sempre que se acade alomenos un 5 en cada unha das partes.

De non superar o módulo na avaliación final ordinaria, o alumnado realizará actividades de recuperación das partes non superadas no período extraordinario, consistentes en repaso de contidos, resolución de dúbidas e repetición das prácticas, de ser o caso, atendendo ao seu informe individualizado.

Non se realizarán traballos, polo que a nota se calculará do seguinte xeito:

- probas escritas: 50%

- probas prácticas: 50%

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria de acordo co establecido na normativa.

O sistema extraordinario de avaliación que consistirá en:

Unha proba teórica escrita (co 50% do valor e cunha nota mínima de 5 sobre 10) incluíndo todos os contidos de todas as unidades didácticas da presente programación. Constará de preguntas tipo test, preguntas de verdadeiro ou falso, preguntas curtas, definicións, resolución de supostos, interpretación de imaxes, etc.

Unha proba práctica (co 50% do valor e cunha nota mínima de 5 sobre 10) consistente na realización de supostos prácticos relativos ás UD.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentado a través da plataforma edu.xunta.gal/programacions, dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente e na reunión mensual de Departamento.

Ó final de curso realizarase a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido, na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso, que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial, vai destinada a recoller información para coñecer as características e a formación previa de cada alumna/o, os coñecementos de partida, así como as súas capacidades para orientar según a individualidade e situar mellor en relación co perfil profesional correspondente. Tamén coñecer as características das alumnas/os que podan ser relevantes para a súa participación e aportación no desenvolvemento do módulo



A avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado no que, trala avaliación inicial, se detecten NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (N.E.A.E), que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, ou por condicións persoais, os principios ou fundamentos para este alumnado son: normalización, inclusión e individualización. Adaptaranse aqueles aspectos do proceso ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación como: tarefas, recursos, espazos, tempos, modalidades de avaliación, que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

A programación está deseñada para un grupo de persoas heteroxéneo, diverso, polo tanto terase en conta todo tipo de medidas para responder ás necesidades específicas ante esa diversidade. Partimos da consideración da diversidade como feito enriquecedor. Concretamente na FP hai unha variabilidade grande: nas edades, polo tanto no desenrolo psicoevolutivo, no contexto sociocultural de procedencia, nas motivacións, nos estilos de aprendizaxe, na procedencia do alumnado con distintas titulacións académicas; do medio laboral (polo tanto con formación específica nese módulo), de bacharelato, etc. A todo isto temos que unir as diferencias individuais no ritmo de aprendizaxe e nas capacidades intelectuais.

MEDIDAS A TOMAR:

1. Plantexar actividades con distintos grados de dificultade:

- Actividades de reforzo educativo; consisten en adaptar ou modificar os elementos non prescriptivos do currículo (principalmente cuestións metodolóxicas) para o alumnado que non remata facilmente as tarefas xerais.
- Actividades de ampliación; para alumnado máis avantaxado, que remata antes as tarefas, etc.
- Agrupamentos de traballo compensados; mezclando heteroxéneamente os grupos para compensar e dar flexibilidade na elección de tarefas.

2. Desde actitudes como profesora que favorezan:

- A cercanía na acción educativa
- As actividades prácticas e motivadoras.
- As clases participativas
- A flexibilidade nos tempos de resposta.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Trabállase de maneira implícita e explícita no desenvolvemento do módulo, e contribúe á formación integral da persoa e a mellorar actitudes para a súa incorporación laboral, destacamos:

*Educación medioambiental: Impulsar hábitos de reciclaxe, de todo tipo de materiais de embalaxe e outros residuos xerados no traballo de rutina do laboratorio poñendo atención especial a algún tipo de residuo perigoso para o medio ambiente e o resto da poboación.

*Educación para a saúde:

-Hixiene e seguridade na aula: que coñezan unha serie de normas de hixiene, de hábitos cotiás nas prácticas; de seguridade no traballo, así como as precaucións necesarias no emprego do material. Deste xeito impulsarase a aprendizaxe de valores como a saúde laboral, responsabilidade no traballo, coñecer o algoritmo ante calquera accidente laboral, entre outros.

*Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos: Desde este módulo contamos con elementos para concienciar ás alumnas/os sobre a xusta igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

- Usando unha linguaxe non discriminatoria e inclusiva.
- Facendo grupos mixtos de traballo.
- Distribuindo as tarefas, roles, na mesma medida entre todo o grupo por igual.
- Fomentando a participación de cada persoa sen distincións de sexo.

*Educar para a convivencia: Funcionamos sempre tendo en conta os principios da convivencia democrática e pacífica: tolerancia, respecto e igualdade. Amosando actitudes contrarias á violencia, ós estereotipos de xénero, lingüísticos, relixiosos, físicos, de clase social, e ós prexuízos, utilizando o diálogo como medio de traballo nos grupos e na clase. Recoñecendo e valorando a diversidade como feito enriquecedor, aproveitaremos a realidade plural que pode existir na clase cando compartamos espazos, tempos, actividades, materiais e experiencias.

A modo de conclusión, trátase de fomentar en xeral aspectos educativos para formar persoas con boa disposición e bos hábitos no seu futuro sociolaboral.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Contémplase a posibilidade de realizar algunhas visitas ou charlas sempre que o propio desenvolvemento da programación, horarios e modelos organizativos o permitan. Visita ao Centro Coordinador de Urxencias e Emerxencias